

III. OUTRAS DISPOSICIÓNS

AXENCIA GALEGA DAS INDUSTRIAS CULTURAIAS

RESOLUCIÓN do 21 de agosto de 2020 pola que se aproban as bases, en réxime de concorrència non competitiva, das subvencións para a realización de funcións de artes escénicas e música durante o ano 2020 (código de procedemento CT406A).

A Axencia Galega das Industrias Culturais (Agadic) é unha entidade de dereito público con personalidade xurídica propia, patrimonio propio e autonomía na súa xestión, que ten por obxecto o impulso e a consolidación do tecido empresarial no sector cultural galego, segundo o previsto nos artigos 3, 4 e 5 da Lei 4/2008, do 23 de maio, de creación da Axencia Galega das Industrias Culturais. A Axencia Galega das Industrias Culturais é o organismo en que a Xunta de Galicia, coa participación necesaria dos sectores culturais implicados, centraliza os programas de apoio destinados a reforzar o papel dos creadores individuais, empresas e industrias culturais privadas, dentro do obxectivo xenérico de promoción e fomento da cultura galega impulsado pola Consellería de Cultura e Turismo. O obxectivo da Axencia é consolidar o tecido industrial no sector cultural galego para promover un tecido empresarial capitalizado, competitivo e innovador, fomentar a creación e potenciar a comercialización de bens e servizos culturais de calidade, favorecendo a difusión da lingua e da cultura galegas como elementos singularizadores.

Con esta convocatoria de axudas, a Axencia Galega das Industrias Culturais quere cumprir co establecido no artigo 5 da Lei 4/2008; «En consonancia cos seus obxectivos e fins, a Agadic exercerá as seguintes funcións:

“...c) Promover a distribución e comercialización dos produtos culturais dentro e fóra do noso país, fomentando a captación de públicos e facilitando o acceso da cultura galega a novos mercados internacionais...”.

“...f) Fomentar a creación, o mantemento e a utilización de infraestruturas e equipamentos por parte dos axentes culturais, en especial o impulso de centros que faciliten o acceso á cultura dos cidadáns e das cidadás...”.

“...h) Impulsar a cooperación e o asociacionismo entre os traballadores e traballadoras e as empresas dos distintos sectores culturais, así como as medidas do sector profesional galego para aumentar a súa presenza e competitividade nos mercados culturais, en especial no apoio ás exportacións de bens e servizos culturais galegos”.



O día 14 de marzo, en virtude do Real decreto 463/2020, do 14 de marzo, declárase o estado de alarma para a xestión da situación de crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, crise que se fixo extensible a todos os sectores económicos e sociais. A situación provocada pola epidemia do COVID-19 e a consecuente declaración do estado de alarma polo Real decreto lei 463/2020, do 14 de marzo, co futuro incerto xerado pola pandemia, están a ter un impacto na actividade escénica que se enfrenta a grandes dificultades de liquidez económica pola interrupción da actividade económica que impide ao sector continuar coa súa actividade dunha forma segura e estable.

A Axencia Galega das Industrias Culturais, sendo sensible ao impacto producido pola pandemia nas empresas do sector escénico, a través da Consellería de Cultura e Turismo elevou ao Consello da Xunta de Galicia para a súa valoración as propostas relativas a aqueles expedientes de subvencións para os cales se propoñía a súa continuidade, así como de modificacións dos que estaban en execución por estar vinculados, con carácter maioritario, ao funcionamento de servizos públicos esenciais e á protección do interese xeral. O Consello, por Acordo do 24 de abril de 2020, determinou a continuación da tramitación de determinados expedientes e procedementos en materia de subvencións, no eido da Administración xeral e das entidades instrumentais do sector público autonómico.

O día 30 de abril de 2020, por Acordo do Consello da Xunta de Galicia, apróbase o Plan de reactivación dos sectores cultural e turístico fronte aos efectos derivados do COVID-19, e adóptase un paquete de medidas dirixidas ao sector cultural co obxectivo de paliar esta crise e reactivar o sector cultural e turístico, que se fixo público o día 5 de maio de 2020.

Entre as medidas que recolle o plan encóntranse “as medidas ás artes escénicas” a través de adaptación das convocatorias en curso, flexibilizándoas coa finalidade de dotalas de liquidez para facer fronte a esta pandemia producida polo COVID-19, que incidiu moi negativamente na nosa economía».

Por todo isto, en consonancia cos seus obxectivos inmediatos, apróbase a convocatoria pública de subvencións á distribución de produtos culturais, para o exercicio 2020, de acordo coas seguintes bases:

Primeira. Obxecto, finalidade, principios de xestión e ámbito de aplicación

1. Esta resolución, no desenvolvemento das funcións e obxectivos encomendados e previstos na Lei 4/2008, do 23 de maio, de creación da Axencia Galega das Industrias Culturais, ten por obxecto fixar as bases que regularán o réxime de subvencións estableci-



das pola Agadic para promover a representación de funcións de artes escénicas e música producidas e realizadas por empresas e/ou compañías ou grupos profesionais que desenvolvan a maior parte da súa actividade en territorio galego, coa excepción das asociacións e entidades sen fins de lucro (código de procedemento CT406A).

2. As funcións obxecto de subvención poderán realizarse dentro e fóra da Comunidade Autónoma de Galicia e no período comprendido entre o 1 de xaneiro de 2020 ata o 31 de outubro de 2020, sen que estas funcións poidan estar subvencionadas ou financiadas por calquera recurso ou achega da Consellería de Cultura e Turismo ou calquera organismo dependente durante o ano 2020.

Segunda. Procedemento de concesión e principios de xestión

1. Estas axudas deberán cumprir as condicións de exención e os límites do artigo 3 do Regulamento (UE) nº 1407/2013 da Comisión, do 18 de decembro de 2013, relativo á aplicación dos artigos 107 e 108 do Tratado de funcionamento da Unión Europea ás axudas *de minimis*. O importe total das axudas *de minimis* concedidas por un Estado membro a unha única empresa non excederá os 200.000 euros durante calquera período dos tres exercicios fiscais.

2. A percepción destas axudas é compatible con outras subvencións, axudas e ingresos ou recursos para o mesmo proxecto, procedentes de calquera outra Administración ou ente público ou privado, pero incompatibles con outras para o mesmo proxecto da Consellería de Cultura e Turismo ou calquera organismo dependente. No caso de se percibiren outras axudas, deberase acreditar documentalmente a súa natureza e contía, así como calquera circunstancia que poida afectar substancialmente a execución das actuacións. A comunicación deberase efectuar tan axiña como se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos percibidos.

3. Nos anexos da presente resolución deberase cubrir a declaración das axudas percibidas polos solicitantes.

4. A xestión destas subvencións realizarase polo procedemento de concorrencia non competitiva polo esgotamento do crédito, de acordo cos seguintes principios:

a) Publicidade, concorrencia, obxectividade, transparencia, igualdade e non discriminación.



b) Eficacia no cumprimento dos obxectivos fixados pola Administración outorgante.

c) Eficiencia na asignación de efectivos e na utilización de recursos públicos.

5. A normativa aplicable a estas subvencións axustarase ao disposto na presente resolución pola que se aproban as bases, en réxime de concorrencia non competitiva, das subvencións para a realización de funcións de artes escénicas, durante o ano 2020; na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei de subvencións; na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, así como os preceptos básicos do Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei xeral de subvencións; na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas; na Ley orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, e demais normativa de xeral aplicación.

6. Sobre estas bases poderase obter información na páxina web da Axencia Galega das Industrias Culturais (Agadic): <http://www.agadic.gal>, especialmente no que atinxe ás obrigas e exixencias establecidas pola Agadic en materia de programación.

7. Non obstante e tendo en conta que estas bases se tramitan cun goberno en funcións, o novo goberno poderá desistir deste procedemento.

Terceira. *Persoas beneficiarias. Requisitos*

1. Poden solicitar as distintas modalidades de subvención as persoas que a continuación se sinalan, para actividades que se leven a cabo entre o 1 de xaneiro de 2020 e o 31 de outubro de 2020:

Artes escénicas.

Modalidade A.1: subvencións para a realización de funcións de artes escénicas fóra de Galicia.

Persoas beneficiarias: persoas físicas (autónomas) e/ou xurídicas dedicadas profesionalmente á realización de funcións de espectáculos de artes escénicas que desenvolvan a maior parte da súa actividade na Comunidade Autónoma de Galicia.



Requisitos:

– Estaren dadas de alta no imposto de actividades económicas na actividade para a cal solicitan a subvención.

– Teren asinado no momento da solicitude o/s contrato/s ou convite/s con contido económico.

Poderanse acoller a esta modalidade empresas que realicen funcións a nivel nacional ou internacional.

Modalidade A.2: subvencións para a realización de funcións de artes escénicas en Galicia.

Persoas beneficiarias: persoas físicas (autónomas) e/ou xurídicas dedicadas profesionalmente á realización de funcións de espectáculos de artes escénicas que desenvolvan a maior parte da súa actividade na Comunidade Autónoma de Galicia.

– Estaren dadas de alta no imposto de actividades económicas na actividade para a cal solicita a subvención.

– Teren asinado no momento da solicitude o/s contrato/s ou convite/s con contido económico.

B. Música.

Modalidade B.1: subvencións para a realización de funcións musicais fóra de Galicia.

Persoas beneficiarias: persoas físicas (autónomas) e/ou xurídicas dedicadas profesionalmente á realización de funcións de espectáculos musicais que desenvolvan a maior parte da súa actividade na Comunidade Autónoma de Galicia.

Requisitos:

– Estaren dadas de alta no imposto de actividades económicas na actividade para a cal solicita a subvención.

– Teren asinado no momento da solicitude o/s contrato/s ou convite/s con contido económico.



2. Quedan exceptuadas as asociacións e restantes entidades sen fins de lucro.

3. Non poderán obter a condición de beneficiarias as persoas ou entidades en que conorra algunha das prohibicións establecidas nos termos previstos no artigo 10.2 e 10.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

4. Así mesmo, quedan excluídos aqueles solicitantes que fosen beneficiarios de axudas da Consellería de Cultura e Turismo ou calquera organismo dependente cuxo obxecto fose subvencionar as mesmas funcións polos mesmos conceptos.

Cuarta. *Procedemento de créditos e contías e límites*

1. O procedemento de concesión destas subvencións tramitarase en réxime de concorrencia non competitiva, por esgotamento do crédito, de conformidade co disposto nos artigos 19.2 e 22 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

2. O importe máximo para o financiamento das axudas incluídas nesta convocatoria é de 160.000 euros da partida orzamentaria 2020.11.A1.432.B.470.0, para o ano 2020, dos cales corresponden 80.000 euros para funcións de artes escénicas e 80.000 para funcións musicais.

3. Os importes previstos poderán ser incrementados ao longo do exercicio, nos supostos establecidos no artigo 31.2 da Lei de subvencións de Galicia e tras a declaración previa de dispoñibilidade de crédito, logo da modificación orzamentaria que proceda e sempre antes da resolución de concesión. Se é o caso, a ampliación de crédito deberase publicar nos mesmos medios que esta convocatoria, sen que tal publicidade implique a apertura de prazo para presentar novas solicitudes nin o inicio de novo cómputo de prazo para resolver. A alteración da distribución establecida nesta convocatoria non precisará de nova convocatoria, pero si das modificacións que procedan no expediente de gasto e da publicación nos mesmos medios que a convocatoria.

4. O importe máximo de axuda por beneficiario será de 15.000 euros e en ningún caso a suma dos importes das axudas concedidas ao abeiro desta resolución poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con subvencións ou axudas doutras administracións públicas ou doutros entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, supere o 100 % do custo da actividade subvencionada.



Quinta. Inicio do procedemento. Solicitudes

As solicitudes presentaranse obrigatoriamente por medios electrónicos a través do formulario normalizado (anexo I), dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia, <https://sede.xunta.gal>

Se algunha das persoas interesadas presenta a súa solicitude presencialmente, será requirida para que a emende a través da súa presentación electrónica. Para estes efectos, considerárase como data de presentación da solicitude aquela en que fose realizada a emenda.

Para presentar as solicitudes poderá empregarse calquera dos mecanismos de identificación e sinatura admitidos pola sede electrónica da Xunta de Galicia, incluído o sistema de usuario e clave Chave365 (<https://sede.xunta.gal/chave365>).

Sexta. Prazo de presentación das solicitudes e emenda

1. O prazo para presentar as solicitudes será dun mes desde o día seguinte á publicación da correspondente convocatoria no *Diario Oficial de Galicia*. Entenderase como último día do prazo o correspondente ao mesmo ordinal do día da publicación. Se o último día do prazo for inhábil, entenderase prorrogado ao primeiro día hábil seguinte e, se no mes de vencemento non houber día equivalente ao inicial do cómputo, entenderase que o prazo expira o último día do mes.

2. Se a solicitude non estivese debidamente cuberta, non se achegase a documentación exixida ou non se reunisen os requisitos sinalados na normativa da convocatoria ou os que, con carácter xeral, se indican na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, a persoa interesada será requirida para que no prazo de 10 días hábiles, contados desde o día seguinte á notificación do requirimento, emende o defecto advertido, a falta detectada ou presente os documentos preceptivos, e indícase ademais que, de non o facer, se considerará que desiste na súa petición, logo da resolución que declarará esta circunstancia e que deberá ser ditada nos termos previstos na lei.

Sétima. Documentación xeral e documentación específica necesaria para a tramitación do procedemento

1. Ademais da solicitude (anexo I) publicada xunto coa presente convocatoria, as persoas interesadas deberán presentar a seguinte documentación xeral:

– Se a persoa solicitante é persoa xurídica, certificado do acordo de solicitude da axuda ou da autorización da persoa que a asine en nome da entidade.



– Estatutos rexistrados e escrituras de constitución inscritos no Rexistro Mercantil ou o que corresponda.

– Documentación que acredite suficientemente a representación de quen asina a solicitude.

2. As persoas solicitantes deberán presentar ademais a seguinte documentación específica:

– Ficha de funcións (anexo II).

– Contratos de actuación ou oferta/invitación con contido económico.

Non será necesario achegar os documentos que xa foran presentados anteriormente. Para estes efectos, a persoa interesada deberá indicar en que momento e ante que órgano administrativo presentou os citados documentos. Presumirase que esta consulta é autorizada polas persoas interesadas, salvo que conste no procedemento a súa oposición expresa.

Nos supostos de imposibilidade material de obter o documento, o órgano competente poderá requirirlle á persoa interesada a súa presentación ou, no seu defecto, a acreditación por outros medios dos requisitos a que se refire o documento, con anterioridade á formulación da proposta de resolución.

3. A documentación complementaria deberá presentarse electronicamente. As persoas interesadas responsabilizaranse da veracidade dos documentos que presenten. Excepcionalmente, a Administración poderá requirir a exhibición do documento orixinal para o cotexo da copia electrónica presentada.

Se algunha das persoas interesadas presenta a documentación complementaria presencialmente, será requirida para que a emende a través da súa presentación electrónica.

Para estes efectos, considerarase como data de presentación aquela en que fose realizada a emenda.

4. Sempre que se realice a presentación de documentos separadamente da solicitude, deberase indicar o código e o órgano responsable do procedemento, o número de rexistro de entrada da solicitude e o número de expediente, se se dispón del.



No caso de que algún dos documentos que vai presentar a persoa solicitante ou representante, de forma electrónica, supere os tamaños límite establecidos pola sede electrónica, permitirase a súa presentación de forma presencial dentro dos prazos previstos e na forma indicada no parágrafo anterior. A información actualizada sobre o tamaño máximo e os formatos admitidos pode consultarse na sede electrónica da Xunta de Galicia.

Oitava. *Comprobación de datos*

1. Para a tramitación do procedemento destas axudas consultarase automaticamente os datos incluídos nos seguintes documentos elaborados polas administracións públicas:

- DNI ou NIE da persoa solicitante.
- DNI ou NIE da persoa representante.
- NIF da entidade solicitante.
- Certificado de estar dado de alta no imposto de actividades económicas, na epígrafe/subepígrafe que corresponda, no exercicio actual.
- Certificado de estar ao día no pagamento de obrigas tributarias coa Axencia Estatal de Administración Tributaria.
- Certificado de estar ao día no pagamento coa Seguridade Social.
- Certificado de estar ao día no pagamento de obrigas coa comunidade autónoma.

2. No caso de que as persoas interesadas se opoñan a esta consulta, deberán indicalo no cadro correspondente habilitado no formulario de inicio e achegar os documentos.

3. Excepcionalmente, no caso de que algunha circunstancia imposibilite a obtención dos citados datos, poderáselles solicitar ás persoas interesadas a presentación dos documentos correspondentes.

Novena. *Trámites posteriores e información ás persoas interesadas*

1. Todos os trámites administrativos que as persoas interesadas deban realizar durante a tramitación deste procedemento deberán ser realizados electronicamente accedendo á Carpeta cidadá da persoa interesada, dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia.



2. Estas bases, así como a Guía de procedementos e servizos, estarán dispoñibles no seguinte enderezo web: <https://sede.xunta.gal/guia-de-procedementos-e-servizos>, nas dependencias desta axencia e na súa páxina web, e tamén quedarán expostas no taboleiro de anuncios da Agadic e serán debidamente publicadas no *Diario Oficial de Galicia* (DOG).

Décima. *Transparencia e bo goberno*

1. De conformidade co artigo 17 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, e co artigo 15 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a consellería responsable da iniciativa publicará na súa páxina web oficial a relación das persoas beneficiarias e o importe das axudas concedidas. Incluirá, igualmente, as referidas axudas e as sancións que, como consecuencia delas, puideren imporse nos correspondentes rexistros públicos, polo que a presentación da solicitude leva implícita a autorización para o tratamento necesario dos datos das persoas beneficiarias e a referida publicidade.

2. En virtude do disposto no artigo 4 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, as persoas físicas e xurídicas beneficiarias de subvencións están obrigadas a subministrar á Administración, ao organismo ou á entidade das previstas no artigo 3.1 da Lei 1/2016 a que estean vinculadas, logo de requirimento, toda a información necesaria para o cumprimento por aquela das obrigas previstas no título I da citada lei.

3. Por outra banda, de conformidade co previsto nos artigos 17.3.b) e 20.8.a) da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, transmitirase á Base de datos nacional de subvencións (BDNS) a información requirida por esta, o texto da convocatoria para a súa publicación na citada base e o seu extracto no *Diario Oficial de Galicia*.

Décimo primeira. *Instrución do procedemento e competencia*

1. Na concesión das subvencións seguirase un procedemento abreviado en que o informe e a proposta de resolución serán efectuados nun único acto pola Dirección da Axencia, e elevaranse á Presidencia da Agadic para a súa aprobación posterior, consonte o procedemento previsto nos artigos 19.2 e 22 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. As solicitudes de subvención examinaranse e serán outorgadas sempre que cumpran os requisitos exixidos nesa convocatoria por orde cronolóxica, tendo en conta a data de entrada no Rexistro da Agadic.



2. Ao se tratar dunha convocatoria aberta que dispón do crédito vixente en actos sucesivos de adxudicación, a Agadic publicará no DOG o esgotamento da partida orzamentaria asignada, así como a inadmisión de posteriores solicitudes destinadas a participar dos subtipos de subvención indicados. Desde o momento en que se esgote o crédito orzamentario non serán outorgadas novas subvencións a estas modalidades, sen prexuízo do cumprimento do disposto no artigo 31.4 da Lei de subvencións de Galicia.

3. A Dirección da Agadic, directamente ou a través dos seus servizos administrativos, actuará como órgano instrutor do procedemento, nos termos previstos no artigo 21 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e correspóndelle realizar de oficio cantas actuacións considere necesarias para a determinación, coñecemento e comprobación dos datos en virtude dos cales se debe pronunciar a resolución. En particular, terá atribuídas especificamente as seguintes funcións:

1º. Examinar as solicitudes e documentación presentadas.

2º. Requirir das persoas solicitantes a emenda ou achega da documentación que resultase de obrigado cumprimento.

3º. Formular o informe proposta de resolución, debidamente motivado.

4. Co fin de facilitar unha mellor xestión das solicitudes, poderáselles pedir información complementaria aos interesados, así como a outros servizos da Consellería de Cultura e Turismo ou aos profesionais ou expertos consultados. En todo caso, a Dirección da Agadic poderá requirir os solicitantes para que proporcionen calquera información aclaratoria que resulte necesaria para a xestión da súa solicitude.

Sen prexuízo das facultades que teñan atribuídas outros órganos da Administración do Estado ou da comunidade autónoma, a Dirección da Agadic e as unidades administrativas encargadas da tramitación e seguimento do expediente respectivo poderán comprobar, en todo momento, a aplicación das subvencións concedidas para os fins programados, e levarán a cabo as funcións de control, así como de avaliación e seguimento dos labores e demais actuacións que deriven destas bases. Para estes efectos, as persoas beneficiarias deberán cumprir coas obrigas de comprobación que se establezan nesta resolución e na de adxudicación da subvención. Para realizar estas funcións, poderanse utilizar cantos medios estean á disposición da Dirección da Agadic para comprobar o cumprimento dos requisitos exixidos nesta resolución e na restante normativa vixente que resulte de aplicación.



5. Instruído o procedemento, o órgano instrutor, á vista do expediente e da documentación requirida, ditará a proposta de resolución, onde indicará o número de solicitudes subvencionadas e o importe económico da subvención correspondente a cada unha delas, que elevará á Presidencia do Consello Reitor da Agadic.

Décimo segunda. *Resolución da convocatoria*

1. A Presidencia do Consello Reitor da Agadic, por delegación do Consello Reitor (disposición adicional do Acordo de data 24 de xullo do 2012 (DOG núm. 164, do mércores 29 de agosto), deberá ditar resolución expresa no prazo de 15 días desde a data de elevación da proposta de resolución. A citada resolución deberase ditar e notificar no prazo máximo de cinco meses, contados desde o día seguinte ao da publicación desta convocatoria pública, será motivada e fará mención expresa das persoas beneficiarias, da contía da axuda e dunha desestimación xeneralizada do resto dos proxectos solicitantes, así como os recursos que proceda interpor contra ela.

2. O vencemento do prazo máximo indicado sen que se notifique a resolución posibilitará que as persoas interesadas poidan entender desestimada a súa solicitude por silencio administrativo.

3. A resolución da convocatoria porá fin á vía administrativa e contra ela poderanse interpor os seguintes recursos, sen prexuízo de que as persoas interesadas poidan exercer calquera outro que consideren procedente:

a) Recurso potestativo de reposición ante a Presidencia do Consello Reitor da Agadic, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da notificación da resolución, se esta fose expresa.

b) Recurso contencioso-administrativo ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses contados desde o día seguinte ao da notificación da resolución, se esta fose expresa.

Décimo terceira. *Notificacións de resolucións e actos administrativos*

1. As notificacións de resolucións e actos administrativos practicaranse só por medios electrónicos, nos termos previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.



2. As notificacións electrónicas realizaranse mediante o Sistema de notificación electrónica de Galicia Notifica.gal, dispoñible a través da sede electrónica da Xunta de Galicia (<https://sede.xunta.gal>). Este sistema remitiralle ás persoas interesadas avisos da posta á disposición das notificacións á conta de correo e/ou teléfono móbil que consten na solicitude. Estes avisos non terán, en ningún caso, efectos de notificación practicada e a súa falta non impedirá que a notificación sexa considerada plenamente válida.

3. Neste caso as persoas interesadas deberán crear e manter o seu enderezo electrónico habilitado único a través do Sistema de notificación electrónica de Galicia Notifica.gal, para todos os procedementos administrativos tramitados pola Administración xeral e do sector público autonómico. En todo caso, a Administración xeral poderá de oficio crear o indicado enderezo, para os efectos de asegurar o cumprimento por parte das persoas interesadas da súa obriga de relacionarse por medios electrónicos.

4. As notificacións entenderanse practicadas no momento en que se produza o acceso ao seu contido, e entenderanse rexeitadas cando transcorran dez días naturais desde a posta á disposición da notificación sen que se acceda ao seu contido.

5. Se o envío da notificación electrónica non for posible por problemas técnicos, a Administración xeral e as entidades do sector público autonómico practicarán a notificación polos medios previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

6. Unha vez notificada a resolución, os beneficiarios comunicaranlle á Agadic a aceptación por escrito da subvención concedida no prazo máximo de 10 días hábiles, contados a partir do día seguinte ao da notificación da resolución de concesión. Transcorrido este prazo sen comunicarse esta aceptación ou sen producirse manifestación expresa, entenderase como tacitamente aceptada.

Deberá comunicarse por escrito ao beneficiario o importe da axuda (en equivalente bruto de subvención) e o seu carácter de «axuda *de minimis*» exenta en aplicación do Regulamento (UE) 1407/2013, relativo á aplicación dos artigos 107 e 108 do Tratado de funcionamento da Unión Europea ás axudas *de minimis*.

Ademais, a entidade beneficiaria poderá enviar, no prazo de dez (10) días desde a notificación da subvención concedida, un plan económico adaptado á subvención concedida, para o suposto de que esta sexa inferior á contía solicitada, e pola diferenza entre ambas as cantidades.



Décimo cuarta. *Gastos subvencionables e límites*

1. Só se admitirán como gastos subvencionables os efectivamente pagados con anterioridade á finalización da xustificación e directamente relacionados co obxecto da subvención. Non se terán en conta os pagamentos en efectivo.

2. Subvencionaranse gastos correspondentes de desprazamento, transporte, mantenza e aloxamento do persoal artístico (músicos/actores/bailaríns/manipuladores) e técnicos necesarios para a realización das funcións do espectáculo, co límite equivalente ao importe das funcións realizadas e, en todo caso, o importe total da axuda non excederá o límite establecido na base cuarta, punto catro.

No caso de contratación á billeteira, o importe do contrato calcularase inicialmente, para a súa adjudicación, mediante o produto entre a porcentaxe da billeteira que percibirá a compañía, o prezo medio de entrada e o 60 % da capacidade do local. En todo caso, a contía final que se percibirá non superará a contía da billeteira efectivamente xustificada.

Enténdese por caché, para estes efectos, o establecido na Rede Galega de Teatros e Auditorios para Galicia, sen necesidades técnicas. Para solicitantes non ofertados na Rede Galega de Teatros e Auditorios, o caché será o que eles establezan na solicitude.

– Gastos de desprazamento (modalidades A1 e B1). Enténdese por desprazamento os gastos da viaxe de ida e a viaxe de volta, e quedan excluídos os desprazamentos nos días intermedios na mesma cidade. Son gastos xustificables os do día de desprazamento entre unha cidade e outra, no caso de que se teñan representacións en distintas cidades dentro do mesmo plan de distribución. En todo caso, deberanse achegar as facturas correspondentes aos gastos xustificadas, así como o seu pagamento.

Enténdense incluídos nos gastos subvencionables de desprazamento os seguintes:

– Gastos de visado, no suposto de que sexa imprescindible para efectuar as representacións.

– Gastos de avión, cos seguintes máximos:

España e Portugal: 200 euros por persoa.

Resto de Europa: 300 euros por persoa.

Resto do mundo: 700 euros por persoa.



– Peaxes de autoestradas, combustibles, alugamento de vehículos, desprazamento a aeroportos.

– Billetes de autobús e tren.

Á parte do máximo para viaxe de avión, os máximos subvencionables por persoa e viaxe son: 50 euros en España e Portugal, 70 euros no resto de Europa e 100 euros no resto do mundo.

– Gastos de transporte: enténdese por transporte aqueles gastos referentes ao desprazamento dos materiais precisos para o desenvolvemento da actividade. Será necesaria a presentación das correspondentes facturas, en que se fará referencia clara ao motivo do transporte e ao material transportado.

O máximo subvencionable para o transporte será de 400 euros en España e Portugal, 600 no resto de Europa e 800 no resto do mundo.

– Gastos de mantenza e aloxamento.

Deberán acreditarse os gastos subvencionados coas correspondentes facturas dos establecementos onde se produce o gasto (hoteis, restaurantes, axencias de viaxes...), salvo no caso de que quen se despraza sexa persoal laboral contratado pola empresa, que se poderá xustificar co aboamento das axudas de custo legal ou convencionalmente permitidas nas correspondentes nóminas. Os máximos subvencionables por estes conceptos son os seguintes:

– España e Portugal:

Mantenza: un máximo de 36 euros por persoa e día.

Aloxamento: un máximo de 40 euros por persoa e día.

– Resto de Europa:

Mantenza: un máximo de 60 euros por persoa e día.

Aloxamento: un máximo de 60 euros por persoa e día.



– Resto do mundo:

Mantenza: un máximo de 60 euros por persoa e día.

Aloxamento: un máximo de 80 euros por persoa e día.

Para calcular a axuda teranse en conta os seguintes máximos:

– Días máximos que se consideran para a axuda, para os gastos de aloxamento e man-
tenza:

– No caso de non ser representacións consecutivas:

España e Portugal: 2 días.

Resto de Europa: 3 días.

Resto do mundo: 4 días.

– No caso de representacións consecutivas:

Os días relativos ás viaxes de ida e volta, os días de representación artística e os días intermedios, cun tope dun día intermedio por data de representación artística ou concerto.

(Modalidade A.2).

O apoio á realización de funcións de espectáculos de artes escénicas dentro da comunidade autónoma será subvencionado pola Agadic ata o 100 % dos custos de persoal artístico e técnico (nóminas e Seguridade Social, excluídas as axudas de custo) necesarios para a representación, correspondentes á data da súa realización, cos seguintes límites:

a) No suposto de que a representación teña como única contraprestación o importe das billeteiras, os máximos subvencionables son:

Cachés ata 1.500 euros, máximo 30 % do caché.

Ata 3.000 euros, máximo 40 % do caché.

Máis de 3.000 euros, máximo 50 % do caché.



A contía máxima subvencionable por representación é de 2.500 euros.

En ningún caso a contía máxima de salario do persoal artístico subvencionable se entende referida aos mínimos fixados polo Convenio colectivo de actores e actrices de Galicia. Para o persoal técnico, o límite subvencionable será de 200 euros por persoa e día.

Enténdese por caché, para os efectos desta cláusula, o establecido na Rede Galega de Teatros e Auditorios para Galicia, sen necesidades técnicas. Para solicitantes non ofertados na Rede Galega de Teatros e Auditorios, o caché será o que eles establezan na solicitude.

Só se subvencionarán os contratos de actuación ou cesión subscritos con entidades de titularidade pública para espazos escénicos convencionais. Tamén están incluídos os contratos subscritos con entidades privadas, sempre que os espazos escénicos sexan públicos e xestionados polas ditas empresas privadas en virtude de contrato de xestión de servizos públicos.

En ningún caso serán obxecto de subvención as funcións contratadas pola Agadic e, en xeral, pola Xunta de Galicia e calquera das entidades do sector público galego, nin as que sexan consecutivas a estas no mesmo espazo.

b) No suposto de que a representación teña como contraprestación unha porcentaxe de caché, ademais dos límites establecidos no punto anterior, a contía total de tal contraprestación máis a axuda da Agadic non poderá superar o 100 % do caché.

En todo caso, o límite por empresa na modalidade A.4 será de 15.000 euros, percibido na mesma proporción se os actores teñen un contrato laboral mensual como se a contratación é por *bolo* ou representación solta, de conformidade co establecido no Convenio colectivo de actores e actrices de Galicia.

Enténdese por caché, para estes efectos, o establecido na Rede Galega de Teatros e Auditorios para Galicia, sen necesidades técnicas. Para solicitantes non ofertados na Rede Galega de Teatros e Auditorios, o caché será o que eles establezan na solicitude.

2. Non serán subvencionables os gastos relativos:

– Ao imposto sobre o valor engadido, así como os impostos de natureza similar que sexan recuperables pola entidade.



– Gastos de subcontratación de servizos con empresas vinculadas ou con aquelas que non teñan como obxecto social e actividade social a prestación dos servizos obxecto da subcontratación.

– Gastos de subcontratación da execución da actividade, cando excedan o 20 % do importe da subvención concedida.

– Calquera outro non vinculado directamente coa actividade obxecto de subvención.

3. Cando o importe do gasto subvencionable supere as contías establecidas na Lei 9/2017, do 8 novembro, de contratos do sector público, para o contrato menor o beneficiario deberá solicitar como mínimo tres ofertas de diferentes provedores, con carácter previo á contratación do compromiso para a obra, prestación do servizo ou entrega do ben, salvo que polas súas especiais características non exista no mercado suficiente número de entidades que as realicen, presten ou subministren, ou salvo que o gasto se realizase con anterioridade á solicitude da subvención.

Décimo quinta. *Pagamento*

1. O pagamento das axudas farase efectivo a partir da data da resolución definitiva de concesión e realizarase sempre e cando se acredite que a actividade foi executada de acordo coas funcións realizadas e se xustifique correctamente o seu emprego, todo isto sen prexuízo do réxime de pagamentos anticipados.

2. A Agadic, consonte as previsións estipuladas no artigo 31.6 da Lei de subvencións de Galicia e 63.1 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, poderá aboar como pagamento anticipado, que suporá entregas de fondos con carácter previo á xustificación, como financiamento necesario para poder levar a cabo as actuacións inherentes á subvención, de acordo coas seguintes condicións:

Cando o importe da subvención non supere os 18.000 euros, ata un 80 % da subvención concedida, e sen que se supere a anualidade prevista en cada exercicio orzamentario. Cando o importe da subvención concedida supere os 18.000 euros, ademais, un 10 % adicional sobre o importe que exceda os 18.000 euros, e sen que se supere a anualidade prevista en cada exercicio orzamentario.



O importe restante aboarase tras a acreditación por parte do beneficiario do cumprimento total das obrigas establecidas nestas bases.

3. Os beneficiarios que reciban pagamentos anticipados, cando estes excedan os 18.000 euros, deberán constituír garantías de conformidade co artigo 67 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, mediante seguro de caución prestado por entidade aseguradora ou mediante aval solidario de entidade de crédito ou sociedade de garantía recíproca, que deberá cubrir o 110 % do importe do anticipo, e deberá alcanzar como mínimo ata os dous meses seguintes á finalización do prazo de xustificación.

Quedan exonerados da constitución de garantía os beneficiarios e nos casos establecidos no artigo 65.4 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

4. Non se poderá realizar en ningún caso o pagamento da subvención outorgada mentres a entidade beneficiaria non figure ao día no cumprimento das súas obrigas tributarias estatais, autonómicas e da Seguridade Social, sexa debedora en virtude de resolución declarativa da procedencia de reintegro ou teña algunha outra débeda pendente, por calquera concepto, coa Administración pública da Comunidade Autónoma galega. A Agadic procederá á comprobación e conseguinte verificación destes datos ou ben, no caso de que os interesados se opoñan, deberán indicalo e achegar os documentos.

Décimo sexta. *Xustificación e liquidación da subvención outorgada*

1. Os prazos de xustificación das presentes subvencións serán dun mes, contado desde a adxudicación da subvencións. Admitíñse os gastos comprendidos entre o 1 de xaneiro de 2020 ata o remate do prazo de xustificación, que será o 30 de novembro de 2020.

2. Os beneficiarios deberán entregar a seguinte documentación xustificativa:

– Relación completa dos gastos realizados por cada función, así como o importe total deles e aceptados como subvencionables pola Agadic (anexo III).

– Copia dos xustificantes, dos gastos imputados á actividade obxecto da subvención, así como do seu pagamento bancario mediante extractos ou certificacións bancarias debidamente identificados, selados e asinados pola persoa beneficiaria por importe igual ou superior á subvención concedida, de conformidade co disposto no artigo 42 do Decre-



to 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei de subvencións. Non se aceptarán aquelas facturas en cuxo concepto non se estableza de maneira clara e discriminada o obxecto do ben, a obra e/ou o servizo facturado.

– Relación de subvencións, achegas ou outros recursos concedidos para o mesmo obxecto por outras administracións públicas, así como declaración das axudas concedidas en réxime *de minimis* durante os tres últimos exercicios (anexo IV).

– Copia dos recibos acreditativos do cobramento das cantidades estipuladas.

– Folla de billeteira das funcións realizadas, con indicación do público asistente e a recadación por billeteira, ou certificación acreditativa da realización do espectáculo pola entidade organizadora.

Non se aceptarán aquelas facturas en cuxo concepto non se estableza de maneira clara e discriminada o obxecto do ben, a obra e/ou o servizo facturados

– Nóminas e documentos acreditativos das contías aboadas en concepto de seguridade social do persoal artístico e técnico e, se é o caso, facturas e pagamentos do persoal técnico correspondente na data da representación e xustificantes bancarios dos pagamentos.

Décimo sétima. *Obrigas específicas dos beneficiarios*

A entidade subvencionada asume a obriga de cumprir a presente convocatoria e, en concreto, as obrigas seguintes:

1. Facer constar os logotipos da Agadic da Xunta de Galicia e Xacobeo 21, segundo a súa normativa básica de identidade corporativa, en todos os elementos de difusión relacionados coa actividade subvencionada, inseríndoos nun lugar preferente ou, cando menos, en igualdade de condicións que a entidade subvencionada e coa seguinte expresión «coa colaboración da Agadic (Consellería de Cultura e Turismo da Xunta de Galicia)» e Xacobeo 21.

2. Proporcionar en todo momento a información que sexa solicitada respecto da subvención concedida e someterse ás actuacións de comprobación da xustificación da Agadic, da Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, segundo o establecido no título III da Lei 9/2007, ou do Consello de Contas ou Tribunal de Contas, segundo a súa normativa.



3. A persoa beneficiaria deberá dar cumprimento das obrigas de publicidade que se establecen no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, modificado polo artigo 30 da Lei estatal 15/2014, do 16 de setembro, de racionalización do sector público e outras medidas de reforma administrativa.

Décimo oitava. *Modificación da resolución*

1. A Axencia Galega das Industrias Culturais ten a facultade de revisar as axudas concedidas e modificar a resolución de concesión no caso de alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención.

2. As persoas beneficiarias teñen a obriga de solicitar á Agadic a aceptación de calquera modificación ou alteración relevante ou significativa sobre o proxecto subvencionado. Para que tales modificacións poidan ser tidas en conta na xustificación deberán ser previamente aceptadas pola Agadic. As alteracións non autorizadas, ou non solicitadas, poderán dar lugar á minoración da subvención concedida ou á súa revogación.

3. Non se aceptarán modificacións que afecten os requisitos para poder optar ás subvencións exixidos na base cuarta da presente resolución.

4. En canto ao resto das modificacións solicitadas, a Agadic poderá acordar, de xeito motivado, a modificación da resolución de concesión, coa minoración proporcional derivada das alteracións.

Décimo novena. *Reintegro*

1. O incumprimento das obrigas contidas nestas bases reguladoras, na convocatoria ou na demais normativa aplicable, así como das condicións que, de ser o caso, se establezan na resolución de concesión, dará lugar á obriga de devolver total ou parcialmente as subvencións percibidas, así como aos xuros de demora desde o momento do pagamento da subvención ata a data en que se acorde a procedencia do reintegro, nos casos e termos establecidos no título II da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, así como polo título V do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e en particular polo incumprimento de calquera dos requisitos e obrigas estipulados nesta convocatoria pública.



2. Para facer efectiva a devolución a que se refire o punto anterior, tramitarase o oportuno procedemento de reintegro, que se axustará ao previsto no título II da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

3. Aos beneficiarios das subvencións reguladas nestas bases seralles de aplicación o réxime de infraccións e sancións previsto no título IV da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Vixésima. *Réxime de recursos*

A convocatoria destas axudas, as súas bases e todos cantos actos administrativos deriven dela poderán ser impugnados interpondo os seguintes recursos, sen prexuízo de que os interesados poidan exercer calquera outro que consideren procedente:

a) Recurso potestativo de reposición ante o presidente do Consello Reitor da Axencia Galega das Industrias Culturais, no prazo dun mes contado a partir do seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

b) Recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses contados desde o día seguinte ao de publicación da resolución, de conformidade co disposto no artigo 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa, ante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia.

Disposición adicional. *Información básica sobre protección de datos persoais*

Os datos persoais obtidos neste procedemento serán tratados na súa condición de responsable pola Xunta de Galicia-Agadic coas finalidades de levar a cabo a tramitación administrativa que derive da xestión deste procedemento e a actualización da información e contidos da Carpeta cidadá.

O tratamento dos datos baséase no cumprimento dunha misión de interese público ou no exercicio de poderes públicos, conforme a normativa recollida na ficha do procedemento incluída na Guía de procedementos e servizos, no propio formulario anexo e nas referencias recollidas en <https://www.xunta.gal/informacion-xeral-proteccion-datos>. Con todo, determinados tratamentos poderán fundamentarse no consentimento das persoas interesadas, circunstancia que se reflectirá no dito formulario.



Os datos serán comunicados ás administracións públicas no exercicio das súas competencias, cando sexa necesario para a tramitación e resolución dos seus procedementos ou para que a cidadanía poida acceder de forma integral á información relativa a unha materia.

Co fin de dar a publicidade exixida ao procedemento, os datos identificativos das persoas interesadas serán publicados conforme o descrito na presente norma reguladora a través dos distintos medios de comunicación institucionais de que dispón a Xunta de Galicia, como diarios oficiais, páxinas web ou taboleiros de anuncios.

As persoas interesadas poderán acceder, rectificar e suprimir os seus datos, así como exercer outros dereitos ou retirar o seu consentimento, a través da sede electrónica da Xunta de Galicia ou de forma presencial nos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común, segundo se explicita na información adicional recollida en <https://www.xunta.gal/protección-datos-personais>, e de conformidade co disposto na Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, e demais normativa de xeral aplicación.

Disposición derradeira. *Entrada en vigor*

Esta resolución entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 21 de agosto de 2020

Román Rodríguez González
Presidente do Consello Reitor da Axencia Galega
das Industrias Culturais




ANEXO I

PROCEDEMENTO	CÓDIGO DO PROCEDEMENTO	DOCUMENTO
SUBVENCIÓNS PARA A REALIZACIÓN DE FUNCIÓNS DE ARTES ESCÉNICAS E MÚSICA	CT406A	SOLICITUDE

DATOS DA PERSOA SOLICITANTE

NOME/RAZÓN SOCIAL PRIMEIRO APELIDO SEGUNDO APELIDO NIF

TIPO NOME DA VÍA NÚM. BLOQ. ANDAR PORTA

PARROQUIA LUGAR

CÓDIGO POSTAL PROVINCIA CONCELLO LOCALIDADE

TELÉFONO FAX TELÉFONO MÓBIL CORREO ELECTRÓNICO

DATA DE ALTA NO IAE EPÍGRAFE

E, NA SÚA REPRESENTACIÓN (deberá acreditarse a representación fidedigna por calquera medio válido en dereito)

NOME/RAZÓN SOCIAL PRIMEIRO APELIDO SEGUNDO APELIDO NIF

DATOS PARA OS EFECTOS DE NOTIFICACIÓN

Notifíquese a: Persoa ou entidade solicitante Persoa ou entidade representante

Todas as notificacións ás persoas interesadas se realizarán só por medios electrónicos a través do Sistema de notificación electrónica de Galicia-Notifica.gal, <https://notifica.xunta.gal>

Só se poderá acceder á notificación co certificado electrónico asociado ao NIF da persoa indicada.

Enviaranse avisos da posta á disposición da notificación ao correo electrónico e/ou teléfono móbil facilitados a seguir:

TELÉFONO MÓBIL CORREO ELECTRÓNICO

DATOS BANCARIOS

Declaro, baixo a miña responsabilidade, que son certos os datos consignados relativos á conta bancaria indicada.

TITULAR DA CONTA NÚMERO DA CONTA BANCARIA (24 DÍXITOS)

IBAN

DATOS DA SUBVENCIÓN SOLICITADA

NOME DO PROXECTO PARA O CAL SE SOLICITA SUBVENCIÓN

ORZAMENTO IMPORTE DA SUBVENCIÓN SOLICITADA

MODALIDADES DE SUBVENCIÓN

a. Artes escénicas

- Modalidade A1: subvencións para a realización de funcións de artes escénicas fóra de Galicia.
- Modalidade A2: subvencións para a realización de funcións de artes escénicas en Galicia.

b. Música

- Modalidade B.1: subvencións para a realización de funcións musicais fóra de Galicia.




ANEXO I
 (continuación)

A PERSONA SOLICITANTE OU REPRESENTANTE DECLARA:

1. Que en relación con outras axudas concedidas ou solicitadas:

- Non solicitou nin se lle concedeu ningunha outra axuda para este mesmo proxecto ou conceptos para os que se solicita esta subvención.
 Si solicitou e/ou se lle concederon outras axudas para este mesmo proxecto ou conceptos para os que se solicita esta subvención, que son as que a continuación se relacionan:

ORGANISMOS	IMPORTE (€)

 2. Que en relación coas axudas *de minimis*:

- Non solicitou nin se lle concedeu ningunha axuda *de minimis*.
 Si solicitou e/ou se lle concederon axudas *de minimis*, que son as que a continuación se relacionan:

ORGANISMOS	ANO	DISPOSICIÓN REGULADORA	IMPORTE (€)

Así mesmo, comprométese a comunicar inmediatamente cantas axudas solicite e/ou obteña en réxime *de minimis* doutras administracións públicas ou doutros entes públicos, nacionais ou internacionais, a partir da data desta declaración.

3. Que todos os datos contidos nesta solicitude e nos documentos que se achegan son certos.
 4. Non estar incurso en ningunha das circunstancias previstas no artigo 13 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.
 5. Non estar incurso en ningunha clase de inhabilitación para a obtención de axudas previstas nos números 2 e 3 do artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
 6. Estar ao día no pagamento de obrigas por reintegro de subvencións, conforme o artigo 10.2.g) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e o artigo 9 do Regulamento de subvencións de Galicia, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

DOCUMENTACIÓN QUE SE PRESENTA OU XA PRESENTADA CON ANTERIORIDADE
1. Documentación xeral

- Certificado do acordo de solicitude da axuda ou da autorización da persoa que a asine en nome da entidade, Se a persoa solicitante é persoa xurídica.


	ÓRGANO	CÓD. DO PROC.	ANO
<input type="checkbox"/> Estatutos rexistrados e escrituras de constitución inscritos no Rexistro Mercantil ou o que corresponda			
<input type="checkbox"/> Documentación que acredite suficientemente a representación de quen asina a solicitude			

2. Documentación específica (para as tres modalidades)

- Ficha de funcións (anexo II).
 Contratos de actuación ou oferta/invitacións con contido económico.

COMPROBACIÓN DE DATOS

Os documentos relacionados serán obxecto de consulta ás administracións públicas. En caso de que as persoas interesadas se opoñan a esta consulta, deberán indicalo no recadro correspondente e achegar unha copia dos documentos.	OPÓNOME Á CONSULTA
DNI ou NIE da persoa solicitante	<input type="checkbox"/>
NIF da entidade solicitante	<input type="checkbox"/>
DNI ou NIE da persoa representante	<input type="checkbox"/>
Certificado de estar dado de alta no imposto de actividades económicas, na epígrafe/subepígrafe que corresponda (empresas de espectáculos), no exercicio actual.	<input type="checkbox"/>
Certificado de estar ao día das obrigas tributarias coa Axencia Estatal de Administración Tributaria	<input type="checkbox"/>
Certificado de estar ao día de pagamento coa Seguridade Social	<input type="checkbox"/>
Certificado de estar ao día do pagamento de obrigas coa comunidade autónoma	<input type="checkbox"/>

 **SEDE ELECTRONICA** Este formulario só poderá presentarse nas <https://sede.xunta.gal> formas previstas na súa norma reguladora

CVE-DOG: hji9zp0-gkt3-iaa2-glg5-9mupqqnt0836



**XUNTA DE GALICIA**
CONSELLERÍA DE
CULTURA E TURISMO**ANEXO I**
(continuación)**INFORMACIÓN BÁSICA SOBRE PROTECCIÓN DE DATOS PERSOAIS**

Responsable do tratamento	Xunta de Galicia. Consellería ou entidade a que se dirixe esta solicitude, escrito ou comunicación.
Finalidades do tratamento	A tramitación administrativa que derive da xestión deste formulario e a actualización da información e contidos da Carpeta cidadá.
Lexitimación para o tratamento	O cumprimento dunha tarefa en interese público ou o exercicio de poderes públicos segundo a normativa recollida no formulario, na páxina https://www.xunta.gal/informacion-xeral-proteccion-datos e na ficha do procedemento na Guía de procedementos e servizos. Consentimento das persoas interesadas, cando corresponda.
Persoas destinatarias dos datos	As administracións públicas no exercicio das súas competencias, cando sexa necesario para a tramitación e resolución dos seus procedementos ou para que as persoas interesadas poidan acceder de forma integral á información relativa a unha materia.
Exercicio de dereitos	As persoas interesadas poderán acceder, rectificar e suprimir os seus datos, así como exercer outros dereitos, a través da sede electrónica da Xunta de Galicia ou nos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.
Contacto delegado de protección de datos e máis información	https://www.xunta.gal/proteccion-datos-persoais

Actualización normativa: no caso de existiren diferentes referencias normativas en materia de protección de datos persoais neste procedemento, prevalecerán en todo caso aquelas relativas ao Regulamento xeral de protección de datos.

LEXISLACIÓN APLICABLE

Resolución do 21 de agosto de 2020 pola que se aproban as bases, en réxime de concorrencia non competitiva, das subvencións para a realización de funcións de artes escénicas e música durante o ano 2020 (código de procedemento CT406A).

SINATURA DA PERSOA SOLICITANTE OU REPRESENTANTE

Lugar e data

 , de de 

Axencia Galega das Industrias Culturais

SEDE ELECTRÓNICA Este formulario só poderá presentarse nas <https://sede.xunta.gal> formas previstas na súa norma reguladora**XUNTA
DE GALICIA**

ISSN1130-9229

Depósito legal C.494-1998

<https://www.xunta.gal/diario-oficial-galicia>


XUNTA DE GALICIA

 CONSELLERÍA DE
CULTURA E TURISMO

ANEXO II
FICHA DE FUNCIONS
DATOS DA PERSOA SOLICITANTE

NOME/RAZÓN SOCIAL

PRIMEIRO APELIDO

SEGUNDO APELIDO

NIF

E, NA SÚA REPRESENTACIÓN

NOME/RAZÓN SOCIAL

PRIMEIRO APELIDO

SEGUNDO APELIDO

NIF

CONTRATACIÓN/INVITACIÓNS

TEATRO OU AUDITORIO	LOCALIDADE	DATAS	Nº DE FUNCIONS	IMPORTE QUE SE ABOARÁ

VALORACIÓN ECONÓMICA

CACHÉ DO ESPECTÁCULO

CON IVE

SEN IVE

	IMPORTE SEN IVE	IMPORTE CON IVE
GASTOS DE TRANSPORTE		
GASTOS DE DESPRAZAMENTO: BILLETES DE AUTOBÚS E TREN, PEAXES E COMBUSTIBLES		
GASTOS DE DESPRAZAMENTO: GASTOS DE AVIÓN		
GASTOS DE ALOXAMENTO		
AXUDAS DE CUSTO		
ALUGAMENTO DE ESPAZOS DE EXHIBICIÓN		
TOTAL		

RELACIÓN DE PERSOAS E POSTO QUE DESEMPEÑAN

NOME E APELIDOS	NIF	POSTO QUE DESEMPEÑA





XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE
CULTURA E TURISMO


ANEXO II
(continuación)

OBSERVACIÓNS**SINATURA DA PERSOA SOLICITANTE OU REPRESENTANTE**

Lugar e data

 , de de **AGADIC**

Axencia Galega das Industrias Culturais

 **SEDE ELECTRÓNICA** Este formulario só poderá presentarse nas
<https://sede.xunta.gal> formas previstas na súa norma reguladora



**XUNTA
DE GALICIA**

ISSN1130-9229

Depósito legal C.494-1998

<https://www.xunta.gal/diario-oficial-galicia>


XUNTA DE GALICIA

 CONSELLERÍA DE
CULTURA E TURISMO

ANEXO III

**DOCUMENTACIÓN XUSTIFICATIVA:
RELACIÓN COMPLETA DOS GASTOS REALIZADOS**

CT406A - SUBVENCIÓNS PARA A REALIZACIÓN DE FUNCIÓNS DE ARTES ESCÉNICAS E MÚSICA

DATOS DA PERSOA QUE CERTIFICA

NOME	PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO	NIF
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>

EN REPRESENTACIÓN DE

RAZÓN SOCIAL/NOME	NIF
<input type="text"/>	<input type="text"/>

RELACIÓN DE PERSOAS QUE VIAXAN E POSTO QUE DESEMPEÑAN

NOME E APELIDOS	NIF	POSTO QUE DESEMPEÑA

1. GASTOS DE TRANSPORTE

Nº DE ORDE	DATA	PROVEDOR	DESCRICIÓN DO GASTO	IMPORTE SEN IVE	IMPORTE CON IVE
TOTAL GASTOS DE TRANSPORTE					

2. GASTOS DE DESPRAZAMENTO

Nº DE ORDE	DATA	PROVEDOR	DESCRICIÓN DO GASTO	IMPORTE SEN IVE	IMPORTE CON IVE
TOTAL GASTOS DE DESPRAZAMENTO					

3. GASTOS DE ALOXAMENTO

Nº DE ORDE	DATA	PROVEDOR	DESCRICIÓN DO GASTO	IMPORTE SEN IVE	IMPORTE CON IVE
TOTAL GASTOS DE ALOXAMENTO					

CVE-DOG: nijj9zpo-gkt3-iaa2-glg5-9mupqqnt0836


**XUNTA
DE GALICIA**

ISSN1130-9229

Depósito legal C.494-1998

<https://www.xunta.gal/diario-oficial-galicia>



ANEXO III (continuación)

4. GASTOS DE AXUDAS DE CUSTO

Nº DE ORDE	DATA	PROVEDOR	DESCRICIÓN DO GASTO	IMPORTE SEN IVE	IMPORTE CON IVE
TOTAL GASTOS DE AXUDAS DE CUSTO					

5. GASTOS DE PERSOAL (só para a modalidade A.2)

Traballador	Día da función	Salario	Seguridade Social
TOTAL GASTOS DE PERSOAL			

6. GASTOS DE ALUGAMENTO DE ESPAZOS PARA A REALIZACIÓN DE FUNCIÓNS

Nº DE ORDE	DATA	PROVEDOR	DESCRICIÓN DO GASTO	IMPORTE SEN IVE	IMPORTE CON IVE
TOTAL GASTOS DE ALUGAMENTO					

SINATURA DA PERSOA QUE CERTIFICA

Lugar e data

 , de de


Axencia Galega das Industrias Culturais




XUNTA DE GALICIA
 CONSELLERÍA DE
 CULTURA E TURISMO

ANEXO IV

DECLARACIÓN DE AXUDAS

CT406A - SUBVENCIÓNS PARA REALIZACIÓN DE FUNCIÓNS DE ARTES ESCÉNICAS E MÚSICA

DATOS DA PERSOA SOLICITANTE

NOME/RAZÓN SOCIAL	PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO	NIF
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>

E, NA SÚA REPRESENTACIÓN

NOME/RAZÓN SOCIAL	PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO	NIF
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>

A PERSOA SOLICITANTE OU REPRESENTANTE DECLARA:

1. Que en relación con outras axudas concedidas ou solicitadas:

- Non solicitou outras axudas públicas para o proxecto.
 Si se solicitaron e/ou se concederon outras axudas para este mesmo proxecto e conceptos para os que se solicita esta subvención, que son as que a continuación se relacionan:

ORGANISMOS	ANO	DISPOSICIÓN REGULADORA	IMPORTE (€)

 2. Que en relación coas axudas *de minimis*:

- Non solicitou nin se lle concedeu ningunha axuda *de minimis*.
 Si se solicitaron e/ou concederon axudas *de minimis*, que son as que a continuación se relacionan:

ORGANISMOS	ANO	DISPOSICIÓN REGULADORA	IMPORTE (€)

 Así mesmo, comprométese a comunicar inmediatamente cantas axudas solicite e/ou obteña en réxime *de minimis* doutras administracións públicas ou doutros entes públicos, nacionais ou internacionais, a partir da data desta declaración.

SINATURA DA PERSOA SOLICITANTE OU REPRESENTANTE

 Lugar e data , de de


Axencia Galega das Industrias Culturais


XUNTA DE GALICIA

ISSN1130-9229

Depósito legal C.494-1998

<https://www.xunta.gal/diario-oficial-galicia>
